

## PROGRAMA ACTIVA MONFORTE 2020

### 1-Denominación do Programa: “Activa Monforte 2020”

### 2-Xustificación da necesidade social

O punto de partida é a consideración de que na promoción da autonomía persoal así como na prevención e na detección precoz da dependencia están as claves para que as persoas maiores poidan gozar dunha vida máis saudable e independente. Segundo os datos do padrón municipal deste concello o índice de poboación de persoas de máis de 65 anos no Concello de Monforte é do 29,46 % respecto da poboación total. Cómpre salientar que 5.553 persoas veciñas son maiores de 65 anos e 2.454 persoas veciñas maiores de 80 anos

O colectivo de persoas maiores son un grupo numeroso polo que dende a Concellería de servizos sociais e discapacidade valórase necesario desenvolver actuacións de cara a promover o seu envellecemento activo e favorecer a participación social mediante un conxunto de actividades de ocio e tempo libre a desenvolver durante o ano 2020 dando continuidade as actuacións desenvolvidas en anos anteriores.

O Programa enmarcase no Programa de prevención e inserción social do proxecto anual de servizos sociais para o ano 2020.

### 3-Localización

O ámbito no que se pretende desenvolver o proxecto é no termo municipal en dúas zonas:

- Núcleo urbano –A través do Centro cívico social.
- Parroquias –A través dos locais sociais existentes nas parroquias interesadas en desenvolver algunha actividade.

### 4-Contido e obxectivo xeral

Desenvolvemento dun conxunto de actividades dirixidas ós veciños/as do Concello de Monforte, con carácter gratuíto para estes, subvencionadas 100% polo Concello, e que teñen como finalidade última favorecer o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas maiores.

### 5-Obxectivos específicos

- Promover o benestar bio-psico-social das persoas maiores
- Favorecer a socialización e participación social.
- Posibilitar espazos de encontro interxeracional.
- Evitar illamento e situacións de soídade das persoas maiores
- Dinamizar os núcleos rurais.

### 6-Persoas beneficiarias

As actividades están dirixidas os veciños/as do Concello de Monforte.

6.1-As actividades a desenvolver no núcleo urbano (Centro cívico) agrúpanse en dous bloques segundo a idade dos participantes:

- Dirixidas a persoas maiores de 55 anos, que teñen como obxectivo principal promover o envellecemento activo das persoas maiores.
- Dirixidas a persoas maiores de 14 anos, que teñen como obxectivo principal posibilitar espazos de encontro interxeracional.



As persoas que desexen participar nas actividades deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

- a) Estar empadroado no Concello de Monforte de Lemos.
- b) Ter a idade mínima esixida para a actividade na que desexe participar .De forma excepcional, e previa valoración dos servizos sociais, poderase eximir do requisito da idade en circunstancias debidamente acreditadas polo solicitante.
- c) Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde.
- d) No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non teñan dificultades que dificulten a súa participación con normalidade e sen risco para a súa saúde.
- e) Aceptar e cumprir coas condicións establecidas para cada actividade.

## **. PERÍODO DE EXECUCIÓN**

De Abril a Xuño 2020

De Setembro a Novembro 2020